

ANTONIO REIGOSA
ESCRITOR

«A MAIORÍA DOS GALEGOS NON SON CONSCIENTES DA FANTASÍA POPULAR»

Antonio Reigosa sabe que a especie humana precisa dos contos e sabe daqueles que se van contando polos tempos dos tempos transformando as circunstancias pero non as accións. Ten recompilado unha parte fundamental da literatura popular e fantástica galega.

—¿De onde ven a súa querenza pola literatura popular, polos mitos e a fantasía?

—Pois supoño que da infancia, coma case todo o que nos pasa na vida. Daquela non me decataba pero co tempo, segundo me fundando conta do valor inmenso de todo canto aprendera «sen querer», funme apaixonando polo meu, polo noso. Logo viñeron as lecturas, a toma de conciencia de que toda esa bagaxe era a esencia primordial deste país coa súa cultura, coa súa lingua. Lémbrolle que eu asistín a unha escola rural franquista e castellanizada, e que o esforzo dos mestres por destetarnos da nosa propia lingua e cultura foi titánico. Descubrir que os mestres estaban equivocados e que os nosos pais non custou moito, tanto que hai xente da nosa xeración que aínda non o descubriu hoxe.

—¿Podemos falar dunha fantasía popular e outra individual?

—Cada individuo é un fardel de fantasía. A imaxinación traballa arreo pero hai que alimentala de coñecementos, de saber, de lecturas, de experiencias nosas e das doutros que, á fin, son o resultado das experiencias de todos os que conformamos as diferentes culturas. A fantasía individual bebe da experiencia acumulada; mentres a maioría tiramos dese coñecemento para afrontar a vida, os xenios recreána e propoñen puntos de vista alternativos que nos permiten evolucionar.

—¿Como se conservan os mitos?

—Os mitos son modelos que imitamos, mesmo inconscientemente. Se cadra xa non somos quen de describilos, de entender a linguaxe simbólica que noutroa entendían, pero seguen vivos. O século XX foi moi raro nisto dos mitos. Os medios de comunicación de masas crean e derruban mitos, modelos imitables ao ritmo das modas de temporada. O mito moderno está deseñado como reclamo para o consumo; nace,

medra, non sei se se reproduce pero morre para facerlle sitio a outro. Os mitos clásicos eran máis consistentes e resistían mellor o paso do tempo.

—¿Como sobreviven os mitos e lendas dun tempo rural nunha sociedade urbanizada?

—Eu son dos que penso que, polo menos en Galicia, non hai tantas nin tan grandes diferenzas entre o mundo mítico rural e urbano pero o que si é certo é que o rural vai quedando despoboado, e que o coñecemento dos lugares onde se di que suceden o que narran as lendas desaparece coa xente. Os espazos urbanos teñen lugares míticos tamén: casas encantadas, rúas perigosas, esquinas para o home do saco...

—¿Como afectan os medios de comunicación a ese mitos?

—En xeral, no mellor dos casos, ignóranos. Cando non, desprézanos por descoñecemento. Úsase a palabra superstición sen saber o que realmente significa e trátase este patrimonio con prexuízos. Reflexións máis longas e demoradas levaríanme por camiños perigosos pois tampouco é do interese destes medios o día a día da xente humilde. E, sen embargo, a xente humilde existe, coma os mitos.

—¿Que hai na literatura contemporánea da literatura popular e dos contos populares?

—Moito máis do que se pensa. Aí está Harry Potter, a factoría Disney... Shakespeare, Cervantes ou Lope de Vega foron grandes, magníficos

recreadores dos temas da literatura popular. Cunqueiro, por exemplo, contra o que moitos cren, non reproducía lendas populares galegas; inventabaas tan logradas que todos cremos que ese lugar e ese personaxe son, ou foron, reais.

—Unha aseveración común é que os mitos e os contos parécense moito en lugares distintos e distantes de Europa.

—Isto xa está moi ben estudado e pódese asegurar que en todo o mundo podemos atopar os mesmos contos e lendas, que sempre foi así e que, sen embargo, non son exactamente iguais en cada cultura. Desde a antigüidade os contos e as lendas viaxan sen reparar en fronteiras lingüísticas, relixiosas ou políticas. As historias andaron os camiños, algunhas quedaron e



MARCOS CREO

Reigosa recompilou gran parte da nosa literatura fantástica e popular

deron lugar a variantes que, á súa vez, puideron montar un día na maleta dun emigrante e viaxar ata quen sabe que recuncho do mundo. Os galegos, que disque estamos en todos os puntos do mundo, temos que ter carrexado, traído e levado moito conto por aí adiante. As coñecidas como fábulas de Esopo, recompiladas aló polo século VII antes de Cristo, son os mesmos contos populares de animais que se contan a centos aínda hoxe por Galicia adiante.

—¿Como está funcionando o proxecto Galicia Encantada?

—Galicia Encantada é un proxecto a longo prazo. En marzo do 2010 cumprirá 5 anos, sumará arredor de 2.000 documentos e arquivos, e non será aínda máis que a semente. Creo que é de utilidade en centros escolares e entre persoas interesadas na fantasía popular e que o pode ser moito máis se conseguimos acrecentar o número de colaboradores. É un proxecto aberto a toda colaboración, gratuito, sen financiamento público nin privado.

—¿Pensa que os galegos coñecemos ben os nosos contos populares?

—Pois creo que non, que a maioría dos galegos e galegas non son

sequera conscientes de que existe esa literatura. Descoñécemola. Pensamos que os irmáns Grimm, que eran alemáns e suponse que máis listos ca nós, salvaron eses contos pero non sabemos que arredor da nosa casa pode haber algún aínda vivo que tamén os coñece e que nunca os leu en ningures. Claro que a culpa non é de quen non o sabe, senón de quen deba ensinarnos.

—Se tivese que facer unha valoración de calidade entre lendas urbanas e rurais, ¿cal sería o resultado?

—Non se poden establecer diferenzas de calidade, nin sequera temáticas. A lenda tradicional, vai desaparecendo porque non queda quen a transmita; en cambio, a lenda urbana vive a súa época dourada. Internet, a televisión,

a radio, os xornais son grandes divulgadores destas lendas mal chamadas urbanas. Unha boa parte delas teñen moito predicamento entre a xente nova pero convén saber, a pesar de que se diga que sucederon agora, que son moi antigas; o que facemos é actualizalas. As lendas urbanas teñen a mesma función na sociedade actual que as lendas tradicionais nas sociedades antigas.

«Galicia Encantada sumará máis de 2.000 arquivos cando cumpra cinco anos»